



**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APERTURA DE IGREXAS
NO CAMIÑO.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Arcebispado de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ao 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para permitir a apertura das igrexas máis singulares e de interese para os peregrinos pertencentes a dita Dioceses.

Así, a través do presente convenio a Axencia Turismo de Galicia, colaborará coa Diocese nos gastos do persoal necesario para a apertura, vixianza e peche destas igrexas, así como contribuír os gastos necesarios de mantemento como auga, luz, limpeza, calefacción.

O Arcebispado de Santiago comprométese a manter abertas ata o 30 de setembro as seguintes igrexas pertencentes a dita Dioceses.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- Que unha das formas de promoción do Camiño e a posta en valor dos seus bens inmóveis, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela, agora que a afluencia de peregrinos é superior no verán e moito mais no Camiño Francés, así como noutros camiños que están a adquirir un gran pulo como o Camiño Portugués

Terceiro.- A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela e a promoción do Camiño de Santiago a través dos seus bens culturais como son as igrexas do Camiño de auténtico interés en tódolos ámbitos.

Cuarto.- O Arcebispado de Santiago é o titular das igrexas cuxa apertura aos peregrinos é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e por tanto o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, o que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos